

O goberno da Xunta non debe de lexitimar o xenocidio, a ocupación nin o apartheid sionistas sobre a Palestina

Neste mércores, 28 de maio, a Vicepresidenta do Parlamento Galego, Elena Candía, e o Director Xeral de Relacións Exteriores da Xunta, Jesús Gamallo, reuníronse con Dan Poraz, encargado de negocios da Embaixada Sionista no Estado español, seguindo así o ronsel de total identificación da dereita española co rexime sionista e o xenocidio que se está a cebar contra a poboación palestina.

O brutal ataque de "Israel" contra Gaza vén de agudizarse hai xa máis dun ano. O Goberno sionista de Netanyahu xa non só asasina senón que destrúe infraestruturas vitais como hospitais, escolas, corta toda axuda humanitaria posible ou manda ao exilio a case toda a poboación palestina. Estamos por tanto ante unha situación altamente crítica e as institucións galegas non poden alimentar esta escalada belicista.

Nun contexto que non fai senón máis que pór en evidencia as nefastas políticas ao servizo do imperialismo, quen asinamos este documento queremos en primeiro lugar mostrar o total rexeitamento diante deste acto e outros e os cales son denunciados pola maioría da nosa sociedade en manifestacións non violentas e outros actos de solidariedade co sufrimento do pobo palestino.

En segundo lugar, e en consecuencia, chamamos a desenvolver campañas de Boicote, Desinvestimentos e Sancións (BDS) como a mellor ferramenta para incrementar a presión económica e política sobre "Israel" e así acabar coa colonización sistemática dos territorios palestinos e garantir o dereito das refuxiadas palestinas ao seu retorno e a plena igualdade de dereitos. Chamamos tamén a que se respeten os dereitos fundamentais do pobo palestino incluídos o dereito á libre

autodeterminación do río ao mar e o dereito á resistencia por todas as vías, incluída a resistencia armada, como está recollido no dereito internacional.

E para que todo iso quede en constancia, facemos entrega deste documento á Presidencia da Xunta de Galicia e a Valedora do Pobo.

Asinantes:

Compostela por Palestina

Lugo por Palestina

Redondela con Palestina

Ferrol con Palestina

Pontevedra con Palestina

Asociación Galaico Árabe Jenin

Docentes con Palestina

Rede Galega pola Palestina

BDS Galiza